

## RESOLUCIÓN REITORAL DO 10 DE NOVEMBRO DE 2016 POLA QUE SE ESTABLECE O PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES DE AVALIACIÓN DA ACTIVIDADE DOCENTE

Co obxecto de garantir a continuidade do proceso de avaliación previsto no artigo 2.3 c) do Real decreto 1086/1989, do 28 de agosto, sobre retribucións do profesorado universitario, é necesario establecer o prazo durante o cal poidan presentarse novas solicitudes de avaliación da **actividade docente** ante esta Universidade, polo que

### ESTA REITORÍA RESOLVE:

**Primeiro.** O persoal funcionario de carreira dos corpos docentes universitarios e o profesorado contratado doutor fixo en servizo activo e réxime de dedicación a tempo completo que presten servizos nesta universidade e cumbran dentro do ano 2016 cinco anos de servizos docentes sen avaliar a tempo completo ou período equivalente se se prestou en réxime de dedicación a tempo parcial, poderán presentar as súas solicitudes de avaliación docente segundo o modelo oficial, Anexo I.

Así mesmo, o persoal funcionario docente que se atope en situación de servizos especiais poderá presentar a solicitude de avaliación docente, aínda que os dereitos económicos non se devengarán ata o momento do seu reingreso na Universidade en réxime de dedicación a tempo completo.

**Segundo.** O prazo de presentación de solicitudes comezará a partir da publicación da presente convocatoria e **ata o 02 de xaneiro de 2017.**


**Terceiro.** A normativa e demais aspectos de procedemento e efectos da avaliación docente especificanse no Anexo II desta convocatoria.

**Cuarto.** As persoas interesadas deberán presentar as súas solicitudes no Rexistro Xeral ou auxiliares desta universidade ou por calquera dos medios aos que se refire o artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Vigo, 10 de novembro de 2016  
O reitor



Salustiano Mato de la Iglesia



**A TODO O PERSOAL DOCENTE E INVESTIGADOR DA UNIVERSIDADE DE VIGO**